



Concello de Cangas

Expediente núm.: 5381/2024

**Procedemento:** SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN 2024 “+EMPREGA NOS CONCELLOS” PARA FINANCIAR CONTRATOS FORMATIVOS

**Asunto:** Publicación das bases do proceso selectivo.

**PUBLICACIÓN:** Aprobadas por decreto da Alcaldía Número: 2024-2333 de data: 04/11/2024 a convocatoria e as bases do proceso de selección de tres persoas técnicas superiores universitarias, co fin de que adquiran a práctica profesional adecuada ao nivel de estudos cursados e favorecer a súa inserción no mercado laboral, ao abeiro da subvención outorgada por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 27/09/2024, expte. 2024047440 (BOPPO núm. 193 do 03/10/24), dentro da tramitación do programa da Deputación Provincial de Pontevedra “+Emprega nos concellos”, de acordo co disposto nas mesmas procédese á súa publicación:

<< **BASES PARA A SELECCIÓN DE TRES PERSOAS TRABALLADORAS AO ABEIRO DO PROGRAMA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE “+EMPREGA NOS CONCELLOS” 2024.**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN, SISTEMA DE SELECCIÓN E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA**

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación polo Concello de tres persoas técnicas superiores universitarias cos requisitos de titulación de Grao en *Dirección e xestión pública* ou Grao en *Ciencias xurídicas das administracións públicas* ou Grao en *Administración e dirección de empresas*. co fin de que adquiran a práctica profesional adecuada ao nivel de estudos cursados e favorecer a súa inserción no mercado laboral, ao abeiro da subvención outorgada por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 27/09/2024, expte. 2024047440 (BOPPO núm. 193 do 03/10/24), dentro da tramitación do programa da Deputación Provincial de Pontevedra “+Emprega nos concellos”, que ten como principal obxectivo promover a inclusión social e o desenvolvemento económico e social da provincia a través da creación de emprego de calidade do fomento da empregabilidade da cidadanía.

As funcións a desenvolver polas persoas contratadas serán as propias da titulación requirida dentro do ámbito da área á que sexan asignadas.

A contratación, de acordo co disposto nas Bases da Deputación aprobadas e publicadas no BOPPO núm. 152 do 06/08/2024, será de carácter laboral e temporal a tempo completo, na modalidade de contrato formativo para a obtención de practica profesional axeitada ao nivel de estudos cursados por un período de 1 ano a partir da súa sinatura e coas retribucións establecidas na valoración que figura incorporada ao expediente de tramitación da subvención.

Coas persoas aspirantes que pola nota final non acadasen praza, confeccionarase unha listaxe de reserva para a posible cobertura das baixas ou renuncias que se puideran producir entre o persoal que si resultase seleccionado, adxudicándose a contratación seguíndose a orde de prelación na que quedasen situadas de acordo coa puntuación final acadada.

O proceso de selección desenvolverase cumprindo cos criterios de selección estipulados no Anexo III das mencionadas Bases da Deputación aprobadas e publicadas no BOPPO núm. 152 do 06/08/2024. A tal efecto o sistema de selección efectuarase por concurso de méritos segundo os criterios establecidos





## Concello de Cangas

no citado Anexo III .

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello, na súa sede electrónica e de xeito complementario na páxina web do Concello durante o período de presentación de instancias, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións. A sede electrónica do concello será igualmente o medio para dar publicidade a todas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases

### SEGUNDA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitidas no proceso selectivo as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

b) Posuír algunha das seguintes titulacións universitarias requiridas para as 3 prazas convocadas, para as que as persoas aspirantes foran preseleccionadas pola Oficina de Emprego de Cangas:

*Grao en Dirección e xestión pública ou Grao en Ciencias xurídicas das administracións públicas ou Grao en Administración e dirección de empresas.*

c) Non ter sido despedida mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos público por resolución xudicial, cando se trate de acceder a mesma categoría á cal se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitada ou en situación equivalente, nin ter sido sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas asociadas ao posto.

f) Estar inscrita como demandante de emprego ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego e ser remitida por este servizo para participar neste proceso selectivo, debendo cumprir cos requisitos necesarios para a formalización dun contrato formativo para a obtención de practica profesional axeitada ao nivel de estudos, así como con todos os requisitos establecidas nas bases polas que se rexe a subvención (BOPPO núm. 152 do 06/08/2024).

g) Estar empadroada nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra con anterioridade á data de publicación da propia convocatoria no BOPPO.

h) Que no momento da contratación non transcorresen máis de tres anos, ou máis de cinco cando o contrato se realice cunha persoa con discapacidade, desde a terminación dos correspondentes estudos.

i) Que non tivese experiencia profesional nin realizase ningunha actividade formativa na mesma actividade dentro da entidade por un tempo superior a tres (3) meses, sen que se computen, para estes efectos, os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para obter a titulación que habilita esta contratación.

j) Que non estea contratada en prácticas no momento da selección nalgún dos programas que





contemplan contratos en practicas ou formativos da Deputación de Pontevedra.

k) Non ter sido contratada na mesma ou en distinta entidade en virtude da mesma titulación, nin tampouco na mesma entidade para o mesmo ou distinto posto, aínda que fose mediante unha titulación distinta.

### **TERCEIRA.- ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES.**

Segundo o mencionado *Anexo III*, “o proceso de selección consistirá en valorar os méritos acreditados polas persoas preseleccionadas polo Servizo Público de Emprego” e levarase a cabo conforme aos criterios nel estipulados.

Con tal motivo a listaxe de persoas admitidas, que se aprobará por resolución de Alcaldía tralo remate do período de presentación de instancias, estará constituída por esas persoas preseleccionadas que tivesen formalizada a súa solicitude de participación. Por tanto, con carácter previo o Concello de Cangas terá solicitado as persoas aspirantes mediante a presentación da respectiva oferta de emprego na Oficina de Emprego de Cangas, de acordo coas directrices establecidas nas bases reguladoras da subvención e segundo os criterios fixados no seu anexo III. De seguido a Oficina de Emprego de Cangas realizará as sondaxes de persoas demandantes ás que se lles comunicará a existencia desta oferta de emprego para que poidan concorrer, convocándoas a unha reunión que terá lugar no Concello de Cangas e na que se lles facilitará información sobre a convocatoria e o modelo de instancia para solicitar a súa participación, así como sobre a documentación que deben presentar para ser admitidas e outra documentación que desexen presentar para que se lles valore no concurso.

As persoas aspirantes remitidas pola Oficina de Emprego que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán formalizar a súa solicitude no modelo de instancia que se lles facilitará e que acompañarán da documentación a valorar de acordo coas bases do anexo III antes citado, que será presentada con data límite a que se se fixe na antes referida reunión que terá lugar no Concello.

Este modelo de instancia inclúe o modelo de declaración polo que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o Negociado de Persoal do Concello ou o Tribunal de selección.

O feito de figurar incluído na relación persoas aspirantes remitidas polo Servizo Público de Emprego e por tanto admitidas ao proceso, non prexulga que se lle recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que as persoas aspirantes admitidas superen a proba selectiva. O Concello poderá requirir en calquera momento a comprobación de estar en posesión dos requisitos da convocatoria establecidos nas presentes bases e excluír do proceso a calquera persoa aspirante que non reúna ditos requisitos.

### **CUARTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR**

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza





## **Concello de Cangas**

convocada, e terán voz e voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de Outubro, de Réxime xurídico do sector público.

A composición efectiva do tribunal farase pública no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.

O Tribunal poderá contar coa colaboración das persoas asesoras externas que considere oportunas, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

### **QUINTA.- FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

A selección desenvolverase de acordo cos criterios de selección estipulados no citado Anexo III das Bases da Deputación aprobadas e publicadas no BOPPO núm. 152 do 06/08/2024

As puntuación finais do concurso de méritos serán publicadas na sede electrónica e na páxina web do Concello de Cangas, así como en formato papel no seu taboleiro situado no edificio da casa consistorial, e os contratos coas tres persoas seleccionadas serán formalizados antes do remate do prazo máximo fixado pola resolución de outorgamento da subvención.

### **SEXTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Cangas, onde as persoas aspirantes poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación e cancelación. Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto. Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro municipal (físico e electrónico), a efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de selección, aos representantes dos/as traballadores/as, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

### **SÉTIMA . DISPOSICIÓN FINAL**

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas e polo disposto nas





**Concello de Cangas**

presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.”

**ANEXO I**

**INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE TRES PERSOAS TRABALLADORAS, PREVIAMENTE PRESELECCIONADAS POLO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO, QUE POSÚAN A TITULACIÓN UNIVERSITARIA REQUIRIDA NESTAS BASES, AO ABEIRO DO PROGRAMA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE “+EMPREGA NOS CONCELLOS” 2024.**

**APELIDOS, NOME:** .....

**TELÉFONO:** .....

**DNI:** .....

**ENDEREZO:** .....

**ENDEREZO ELECTRÓNICO:** .....

SOLICITA participar no proceso selectivo indicado no encabezamento, convocado polo Concello de Cangas ao abeiro da subvención outorgada por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 27/09/2024, expte. 2024047440 (BOPPO núm. 193 do 03/10/24), dentro da tramitación do programa da Deputación Provincial de Pontevedra “+Emprega nos concellos”, as bases do cal publicáronse no BOPPO núm. 152 do 06/08/2024, achegando xunto coa presente instancia a documentación que desexo que sexa tida en conta polo Tribunal de acordo coas bases da convocatoria.

Por medio da presente a persoa que asina esta solicitude de participación DECLARA:

- Que cumpre cos requisitos necesarios para a formalización dun contrato formativo para a obtención da práctica profesional axeitada ao nivel de estudos.
- Que non se atopa incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente.
- Que non foi separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas.
- Que non se atopa inhabilitada para o exercicio das funcións públicas.
- Que cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base segunda).

Cangas, ..... de .....de 2024

ASINADO. : .....

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

Cod. Validación: 6F2F37YDF59D3DRDSWQYSN  
Corrección: https://cangas.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6





Concello de Cangas

**DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA XUNTO CON ESTA INSTANCIA DE PARTICIPACIÓN:**

- A presente instancia, **coverta na súa totalidade e asinada**.
  - Fotocopia do D.N.I.
  - Fotocopia da titulación esixida (*Grao en Dirección e xestión pública ou Grao en Ciencias xurídicas das administracións públicas ou Grao en Administración e dirección de empresas*).
  - Vida laboral actualizada (no caso de non ter traballado con anterioridade, informe negativo de afiliación)
  - Acreditación de empadramento nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra
  - *Documentación que será obxecto de valoración (expediente académico no que se especifique a nota media acadada na titulación, no seu caso doutoramento relacionado co contido do posto, títulos oficiais de máster relacionados co posto, outras titulacións académicas relacionadas co posto, cursos oficiais relacionados co posto, coñecemento da lingua galega)>>*
- o que se publica aos efectos oportunos.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

